

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

28 de outubro de 2020

Sendo as 9:40 horas, en segunda convocatoria, e na Aula Virtual “Salón de graos” da Facultade, da comezo a reunión. Preside a Comisión a profesora Regina Ibáñez Paz, Vicedecana de calidade, e actúa coma secretaria Mónica García Freiría, alumna de Terceiro Ciclo, conforme ao establecido no Regulamento en caso de ausencia do presidente.

Asisten:

Ibáñez Paz Regina, Vicedecana de calidade
Noriega Rodríguez Lidia, Coordinadora do Grao en Dereito
Arias Martínez María Antonia, Coordinadora do Máster da Avogacía
García Mosquera, Marta, PDI
García Freiría Mónica, Alumnado de terceiro ciclo
Plaga Karolina Laurencja, Alumnado de 1º e 2º ciclo

Desculpan a súa asistencia:

Torres Pérez Francisco José, Decano da Facultade
Martínez Yáñez Nora, Coordinadora do Máster en Xestión e Dirección Laboral
Fernández Docampo María Belén, Coordinadora do Grao en RRL
Martínez Hens Helena, Coordinadora Máster en Menores
Valcárcel Martínez Manuel, Secretario da Facultade

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de 21 de xullo de 2020.

A alumna Karolina Laurencja Plaga comunica que advertiu un erro na orde do seu segundo nome e apelido na acta da sesión anterior e pide que sexa subsanado.

A profesora Marta García Mosquera abstense de aprobar a referida acta xa que nin asistiu, nin xustificou ausencia, na reunión da comisión de calidade do día 21 de xullo de 2020.

Non se formula ningunha apreciación máis.

Apróbase a acta anterior con 5 votos a favor e coa abstención da profesora Marta García Mosquera.

2. Informes do Sr. Decano.

A presidenta informa das entregas de datos producidas en relación cos méritos do programa Docencia durante o mes de outubro.

3. Validación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno da Facultade.

Pide a palabra a profesora Marta García Mosquera expoñendo que, dende o seu punto de vista, a estrutura da norma non é lóxica na exposición dos contidos, e considera que técnicamente non está moi ben elaborada. Entre outros aspectos sinala que no artigo 6 -funcións da Xunta de Facultade- faltaría o texto, tampouco se prevé a creación dunha comisión de igualdade ou de normalización lingüística, nin aparece reflexado que sexa función da Xunta crear as comisións delegadas e nomear aos seus membros, non se inclúe ningunha referencia á revista da Facultade, á delegación de alumnas/os, etc. Asimesmo, considera que podería ser máis

operativo delegar certas responsabilidades noutras comisións sen que necesariamente teñan que pasar posteriormente todos os asuntos por Xunta de Facultade. Suxire que se efectúe unha mellora substantiva no texto actual, incorporando algunhas das cuestións sinaladas, e propón que sexa nomeado a tal efecto un grupo de traballo.

A profesora María Antonia Arias Martínez agradece as suxerencias e propostas formuladas pola profesora García Mosquera e afirma que, efectivamente, poderíase mellorar o texto presentado. En canto á estrutura da norma, afirma que tratouse de ser o máis lóxico posible, e amosa tamén a súa opinión favorable a delegar responsabilidades noutras comisións.

A profesora Regina Ibáñez Paz agradece a intervención da profesora García Mosquera e sinala que as referidas aportacións son moi razoables, especialmente no que se refire á delegación de certas responsabilidades nas Comisións. Ofréceselle á mesma a posibilidade de formar parte do grupo de traballo encargado de mellorar o texto, invitación que ésta acepta e comprométese a volcar por escrito todas as súas consideracións.

A alumna Karolina Laurencja Plaga informa á Comisión que vaille transmitir á Delegación esta información por se houbera algunha alumna ou alumno interesada/o en formar parte deste grupo de traballo.

Non se aproba o Regulamento de réxime interno, senón que se acorda por unanimidade a creación dun grupo de traballo para a mellora do texto, quedando demorada a súa posible validación na próxima comisión de calidade.

4. Validación, se procede, do Plan de Acción Titorial e atención ás necesidades específicas da Facultade.

Intervén a profesora Regina Ibáñez Paz para informar de que no curso pasado decidiron agardar a que chegase o novo procedemento dende a Universidade para redactar un propio. Sinala que este plan xa está adaptado ao procedemento que, dende a área de calidade, lle foi remitido á Facultade. Esta proposta será implantada no presente curso académico.

A profesora García Mosquera fai uso da palabra. Na súa opinión validaría o texto remitido confiando así no traballo da Vicedecana de calidade. Non obstante, advirte da existencia dalgunha errata e pide á Vicedecana de calidade que dea unha visión xeral das cuestións esenciais do PAT.

A profesora Regina Ibáñez Paz comprométese a corrixir o erro detectado e expón sucintamente as principais cuestións referidas ó texto sometido a aprobación.

A profesora García Mosquera formula unha dúbida relativa á titorización do alumnado con necesidades especiais, á que a Vicedecana de calidade responde que o que se decidiu neste curso académico é que recaia na mesma persoa a coordinación xeral e a do alumnado con necesidades educativas especiais.

Apróbase por asentemento a validación do PAT, para que sexa remitido á Xunta de Facultade para a súa posterior aprobación e implantación no presente curso académico.

O decano da Facultade, Francisco José Torres Pérez, incorpórase á comisión ás 10:28 horas, pide desculpas e agradece á Vicedecana de calidade todo o seu traballo.

5. Validación, se procede, do Procedemento DO-0203 de Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.

Informa a Vicedecana de calidade que é un procedemento preceptivo que vén da área de calidade para ser aplicado polos centros trala súa validación polas respectivas comisións de calidade dos distintos Centros.

Apróbase o texto por asentemento.

6. Rolda aberta de intervencións.

Novamente o Decano pide desculpas pola súa incorporación tardía e solicita que conste en acta. A profesora María Antonia Arias Martínez comenta que dende a coordinación do máster da Avogacía solicitóuselle a posibilidade de asistir por calquera persoa interesada á reunión da

comisión de calidade. A profesora García Mosquera entende que, conforme á normativa actual, isto non sería posible polo que habería que revisar esta cuestión xa que vén dunha norma superior da Universidade.

O equipo decanal suxire a posibilidade de modificar o manual de calidade para contemplar esta cuestión sempre que a norma superior así o permita.

Non existindo máis asuntos a tratar, levántase a sesión ás 10:35 horas.

En Vigo, a 28 de outubro de 2020.

Mónica García Freiría
(Secretaria da Comisión de Calidade)